

Problema383: Cal das seguintes moléculas non pode formar enlaces por pontes de hidróxeno con outras do mesmo composto?

- a) Dimetil éter
- b) Etanol
- c) Auga
- d) Amoníaco

O enlace por ponte de hidróxeno fórmase entre moléculas que teñen un hidróxeno unido a un átomo pequeno, de alta electronegatividade e que teña pares de electróns non enlazantes.

Estas condicións danse nos tres últimos compostos, pero non no dimetil éter, xa que o hidróxeno non está unido ao osíxeno, senón ao carbono que non é suficientemente electronegativo e ademais non ten pares non enlazantes.